



## Concello de Folgoso do Courel

### **BASES PARA A CESIÓN DE VINTE PASTORES ELÉCTRICOS A APICULTORES EMPADROADOS NO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL .**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto e principios**

A Xunta de Galicia cedeu o Concello de Folgoso do Courel vinte pastores polo que estas bases teñen por obxecto a cesión de eses pastores a favor de persoas titulares de explotacións apícolas para frear os ataques de especies de fauna silvestre como e o oso, coa finalidade de fomentar a aplicación de medidas de protección como é a cesión de elementos preventivos de danos que poidan ocasionar esta especie.

A cesión tramitase en réxime de publicidade, transparencia ,obxectividade, igualdade e non discriminación con eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e eficiencia na asignación e uso dos recursos públicos sendo de aplicacións os preceptos da Ley 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia .

#### **SEGUNDA.- Requisitos para a obtención de beneficiario de cesión en propiedade dun pastor eléctrico.**

1. Poderán solicitar a cesión en propiedade dun pastor eléctrico os titulares rexistrados de explotación apícola.
2. Estar empadroados no Concello de Folgoso do Courel.
3. Como máximo solo se poderá solicitar un pastor eléctrico por unidade familiar.
4. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas nas que concorra algunha das circunstancias que lle impida alcanzar tal condición de conformidade coa lei de subvencións de Galicia.

#### **TERCEIRA.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN.**

1. A solicitude formalizarase mediante instancia dirixida a Sra. Alcaldesa do Concello de Folgoso do Courel .
2. A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:
  - a) Copia do libro de explotación apícola.
  - b) Documento nacional de identidade do titular.
  - c) Declaración responsable de estar o corrente no pago das obrigas tributarias coa seguridade social, Xunta de Galicia, Axencia Tributaria e co concello de Folgoso do Courel e de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ostentar a condición de beneficiario.
  - d) Diploma curso apicultura impartido no concello en maio 2019. (no caso de ter feito curso)





## Concello de Folgoso do Courel

---

### **CUARTA.-PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES**

As solicitudes presentaranse no Rexistro do concello de Folgoso do Courel ou ben a través da sede electrónica do Concello dende o luns 14 de decembro ata venres 18 decembro do 2020.

### **QUINTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.**

- 1.- Os beneficiarios deberán usar o pastor exclusivamente para protexer as colmeas.
- 2.- Comprometese a mantemento e reparación dos mesmos .
- 3.- . Deberán comprometerse a asegurar súa responsabilidade civil respecto das posibles incidencias ou accidentes que poidan sufrir os pastores.

### **SEXTA.- CRITERIOS VALORATIVOS**

Por participar no curso de iniciación a apicultura organizado polo Concello de Folgoso do Courel en maio 2019 -----5 puntos.

Por número de colmeas: ( segundo caderno de explotación apícola actualizado)

De 1 a 5 -----1 puntos

De 5 a 10-----1,5 puntos

Mais de 10 colmeas -----3 puntos

Danos causados polo Oso: ( segundo acta inspección do servizo de conservación Natureza da xunta de Galicia)-----2 puntos.

En caso de empate en puntuación co mesmo número de colmeas acudirase o número de Orde de Rexistro de Entrada da solicitude no Concello.

En Folgoso do Courel,

A Alcaldesa-Presidenta

Asdo.: Dolores Castro Ochoa.





## Concello de Folgoso do Courel

### ANEXO I

#### SOLICITUDE DE PASTOR ELÉCTRICO PARA PROTECCIÓN DE COLMEAS.

<b>Solicitante</b>					
DNI/NIF					
Domicilio					
Provincia		C. postal		Telef.:	
Empadroadado no concello de:					

SOLICITO un pastor eléctrico para a protección das colmeas para o que se acompaña a seguinte documentación:

- Copia do libro de explotación apícola.
- Documento nacional de identidade do titular.
- Diploma curso apícola impartido en maio do 2019 no Concello Folgoso do Courel.
- Declaro baixo a miña responsabilidade: Que me atopo ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, coa Xunta de Galicia e co Concello de Folgoso do Courel e que non estou incurso en prohibición para ser beneficiario das subvencións.
- Copia acta danos do oso da Xunta de Galicia ou resolución.

Folgoso do Courel, \_\_ de \_\_\_\_\_ do 2020

A persoa solicitante

Asdo: \_\_\_\_\_





## Concello de Folgoso do Courel

### Á ALCALDESA DO CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL (LUGO)

Os efectos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), proporcionáselle a seguinte información en relación ó tratamento dos seus datos.

#### RESPONSABLE DO TRATAMENTO

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Folgoso do Courel, domiciliado en Praza Manuel Fraga Iribarne s/n 27325 Folgoso do Courel. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

Teléfono: 982 433001

Correo electrónico: [concellofolgosodocourel@yahoo.es](mailto:concellofolgosodocourel@yahoo.es)

#### FINALIDADE

No Concello de Folgoso do Courel tratamos a información que nos facilitan as persoas interesadas co fin da xestión de solicitudes de subvencións.

Non está prevista a toma de decisións automatizadas ou a elaboración de perfís.

#### LEXITIMACIÓN

A lexitimación do tratamento dos seus datos persoais encontra o seu fundamento no cumprimento da misión de interese público e a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións. Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que a non cumprimentación supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros anteriormente descritos e o cumprimento das finalidades definidas no apartado anterior.

#### DESTINATARIOS

Non está prevista a comunicación de datos a terceiros nin a transferencia internacional de datos.

#### DEREITOS

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre si, no Concello de Folgoso do Courel, estamos tratando datos persoais que lles atañan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder os seus datos persoais, así coma a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e en cumprimento da lexislación vixente.

En determinadas circunstancias, os/as interesados/as poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso, unicamente, se conservarán para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, os/as interesado/as poderán opoñerse ó tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, salvo por motivos lexitimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.

O/a interesado/a ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ó Concello de Folgoso do Courel nun formato estruturado, de uso común e lexible pola máquina. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións: que os datos sobre os que recae este dereito, foran facilitados pola persoa interesada; que os seus datos sexan tratados polo Concello de Folgoso do Courel de maneira automatizada (medios informáticos).

